

Información sobre saúde sanitaria e médica nos medios de comunicación en España. Estado da cuestión nos diferentes medios: Prensa, radio, televisión, revistas e Internet

Carmen Costa Sánchez*

Resumo: Os medios de comunicación constitúen unha fonte de información sobre saúde moi importante para os cidadáns. Porén, a situación deste tipo de contidos nos diferentes medios españois resulta ben distinta: mentres os informativos televisivos non lle prestan demasiada atención, a prensa escrita de pago vai creando seccións especializadas. O presente traballo aborda a situación dos contidos especializados en saúde que se publican nos medios españois para plantexar o estado da cuestión e a partires de aí reflexionar sobre as propostas de mellora.

Palabras-chave: xornalismo da saúde, España, información especializada, xornalismo especializado.

1. Introducción. Interese e fontes de información sobre saúde

A información sobre saúde, sanitaria e médica constitúe unha das áreas da actualidade informativa e como tal recibe a atención dos medios de comunicación, que a integran como parte do produto que ofertan á súa audiencia. Segundo a Cuarta Enquisa Nacional de Percepción Social da Ciencia e a Tecnoloxía (2008)¹, preguntados os cidadáns españois enquisados por aqueles temas informativos sobre os que teñen interese (permitindo resposta espontánea, un máximo de tres), a Medicina e a Saúde é, cun 28% de respostas, o tema que maior interese esperta entre os enquisados, seguido en segundo termo por Deportes (26,1%) e por diante doutros 29 temas².

* Facultade de Ciencias da Comunicación (carmen.costa@udc.es).

¹ <http://www.fecyt.es/fecyt/docs/tmp/-1406741440.ppt> [10/04/09]

² Os outros temas foron: Cine e espectáculos; Alimentación e consumo; Arte e Cultura; Sucesos; Educación; Política; Ambiente e ecoloxía; Traballo e emprego; Viaxes/Turismo; Terrorismo; Ciencia e Tecnología; Economía e Empresas; Temas

A televisión, constitúe, o medio elixido para informarse acerca de asuntos de Ciencia e Tecnoloxía (82,3% das respostas), moi por riba da prensa diaria de pago (32,9%) e representa tamén o medio de comunicación no que os cidadáns inqueridos (46%) depositan a súa confianza á hora de informarse, seguido da Rede (25%), que xa practicamente alcanza como medio habitual de información á prensa diaria de pago.

Táboa nº 1. Medios a través dos que se informan os cidadáns sobre ciencia e tecnoloxía. Máximo tres respostas.
Fonte: FECYT, 2008. Elaboración propia.

Medio	Medio elixido
Televisión	82,3%
Prensa diaria de pago	32,9%
Internet	32,4%
Radio	30,2%
Prensa gratuíta	15,1%
Libros	10,6
Entorno persoal	10,1
Revistas especializadas	3,2%
Entorno profesional	2,2%
Revistas de divulgación científica ou técnica	1,8%
Revistas semanais de información xeral	1,2%
Outras	0,3%
Non sabe	1,7%


de famosos; Inmigración; Astroloxía e Ocultismo; Outros; Vivenda; Música; Inseguridade cidadá; Moda; Relixión; Historia; Pensións; Internacional; Infancia; Familia; O tempo; Cociña; Agricultura.

Táboa nº 2. Medios de información que lle inspiran máis confianza á hora de manterse informado sobre ciencia e tecnoloxía. Máximo dúas respostas.
Fonte: FECYT, 2006*. Elaboración propia.

* Para este caso, tomáronse os datos de 2006. Na Enquisa de 2008, non se contemplaba esta pregunta.

Medio	Porcentaxe
Televisión	46%
Internet	25%
Revistas de divulgación científica ou técnica	25%
Prensa diaria de pago	22%
Radio	17%
Prensa gratuíta	4%
Revistas de información xeral	4%
NS/NC	9%
Ningún	6%

Gráfica nº 1. Fontes de información sobre saúde empregadas polos cidadáns europeos.
Fonte: Eurobarómetro 2003*.



* Non obstante, como veremos no apartado correspondente, dende 2003 até a actualidade, Internet incrementou notablemente o seu uso como fonte de información sobre saúde.

Para informarse en concreto sobre saúde, segundo declaran os cidadáns europeos, a fonte principal son, en boa lóxica, os profesionais sanitarios, seguidos da televisión, dos libros ou enciclopedias médicas e dos xornais, por esta orde (Eurobarómetro 2003³).


Neste traballo interesámonos por coñecer a oferta de contidos que os medios de comunicación españois lles ofrecen aos cidadáns e que constitúen, como vimos de ver, unha fonte de coñecemento e de divulgación de enorme importancia.

Polo tanto, o presente artigo abordará de modo cuantitativo e cualitativo a oferta de información sobre saúde que poñen ao dispor dos cidadáns cada un dos medios de comunicación españois, abordando a situación da saúde en cada un dos soportes mediáticos: a prensa, a televisión, a radio, as revistas e, finalmente, Internet.

2. A prensa xeralista. Prensa de pago e gratuíta

A información sobre saúde, sanidade e medicina está a incrementar, progresivamente, a súa presenza na prensa xeralista, tal e como veñen amosando os datos recabados dende 1996 polo Informe Quiral e que amosan que dende o ano 97⁴ até o 2009, o volume de información adicada á saúde por *ABC*, *El Mundo*, *El País*, *El Periódico de Catalunya* e *La Vanguardia* duplicouse⁵.

Gráfica nº 2. Evolución do total de textos sobre saúde publicados de 1997 a 2009 nos diarios analizados.
Fonte: Fundació Vila Casas. Elaboración propia.



³ É o eurobarómetro máis recente que aborda esta cuestión: European Union citizens and sources of information about health. Pódese descargar de: http://ec.europa.eu/health/ph_publication/eurobarometers_en.htm [20/03/2007]

⁴ Aínda que o estudo comeza a facerse dende 1996, é dende 1997 cando acadada a súa forma definitiva.

⁵ Así, en 1997 recolléronse 5984 textos adicados á información sobre saúde nas cabeceiras xa citadas, 12048 en 2007. Inda así neste período, pódense detectar altibaixos, sendo o punto álxido o ano 2002, cando se recolleron un total de 15037 pezas xornalísticas, chegando a triplicarse o volume de información que sobre sanidade publicaron os diarios.

Táboa nº 3. Seccións e suplementos especializados en ciencia, saúde, ambiente e tecnoloxía publicados polas cabeceiras xeralistas estatais e galegas a Decembro de 2009. Fonte: Elaboración propia.

Nome da cabeceira	Contido	Nome da sección / suplemento	Periodicidade
ABC	Saúde	Ciencia y futuro_Salud Suplemento Salud	Semanal (os sábados) Mensual (o segundo sábado de cada mes*)
El Correo Gallego	Ciencia/Saúde/ Ambiente	Sociedade, Galicia ou Local (Non hai sección específica)	Diaria
El Mundo	Saúde	Salud	Semanal (cada xoves)
El País	Saúde	Salud (dentro da área de Sociedade) Suplemento 'Salud**	Semanal (cada martes) Mensual (o segundo sábado de cada mes)
El Progreso	Ciencia/Saúde/ Ambiente	Sociedade, Galicia ou Local (Non hai sección específica)	Diaria
	Saúde	Salud	Semanal (cada sábado***)
Faro de Vigo	Ciencia/Saúde/ Ambiente	Sociedade, Galicia ou Local (Non hai sección específica)	Diaria
	Saúde	Salud (Ramón Sánchez Ocaña)	Semanal (os domingos, dentro de Estela****)
Galicia-Hoxe	Ciencia	Descubrir	Semanal (cada mércores)
La Razón	Saúde	A tu salud	Semanal (cada domingo)
La Voz de Galicia	Ciencia/Saúde/ Ambiente	Sociedade, Galicia ou Local (Non hai sección específica)	Diaria
	Saúde	La Voz del Colegio Médico	Semanal (domingos*****)
Público	Ciencia	Ciencias	Diaria
De Luns a Venres*****	Saúde	Galicia, España, Mundo Saúde	Diarias (Luns a Venres) Venres

* O primeiro apareceu publicado o sábado 11 de Outubro de 2008.

** O martes 31 de Outubro de 2006, El País lanzou un suplemento sobre saúde de 40 páxinas e en cor, precedente do suplemento mensual sobre saúde e biomedicina que se publica dende abril de 2007.

*** Dentro de Revista, suplemento dos sábados, adícase unha páxina ou unha dobre páxina a contidos sobre saúde.

**** Suplemento dominical do Faro de Vigo, adicado a crónicas, entrevistas e reportaxes de actualidade. Unha única páxina adícase a temas de saúde.

***** Dentro do suplemento dominical 'Los domingos', adoita ser unha dobre páxina, na que se aborda unha enfermidade en forma de reportaxe, acompañada dunha entrevista a un especialista médico galego de referencia.

***** Único diario autonómico gratuito que se dita en Galicia.

Así e todo, na meirande parte das cabeceiras xeralistas semella que esta información non acadou un peso suficiente na superficie redaccional como para converterse nunha área independente, adicada en exclusiva ós temas sanitarios e comparte protagonismo con asuntos diversos no caixón de xastre de Sociedade. Así, dos 13439 textos sobre Medicina e Saúde publicados en 2009 nos diarios estudados, un 29% foron publicados na sección de Sociedade, en datos do Informe Quiral 2009. As posibles maneiras de estruturación dos contidos sobre saúde na prensa xeralista pasan por tres estadios fundamentais:

- O primeiro, o máis básico de todos e tamén o máis común, sería a inclusión dentro da área de Sociedade, abríndose aquí dúas posibles opcións: ben se agrupan as noticias sanitarias baixo o cinto de “saúde”, ben non se fai dita diferenciación gráfica.
- A segunda posibilidade é que exista unha sección adicada a Ciencia, da que forman parte tamén as novas sobre saúde.
- A terceira, a que máis recoñece a importancia deste tipo de contidos implica a existencia dunha sección –Saúde- exclusivamente adicada a eles.

Un repaso xeral sobre os contidos que sobre ciencia en xeral e sobre saúde en particular publican na súa edición impresa os principais xornais xeralistas españois e galegos permite aproximarnos ó estado da cuestión.

Os suplementos de saúde desfrutan, na actualidade, de certa presenza na prensa estatal, mentres que na autonómica (alomenos en Galicia) as novas de saúde seguen introducíndose a diario na área de Sociedade se son acontecementos de carácter estatal ou internacional, e en Galicia ou Local, se os feitos se circunscriben á área galega.

De feito, como os principais hospitais de Galicia (os de maior tamaño) se ubican nos núcleos poboacionais de referencia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense, nomeadamente), son os suplementos de local das cabeceiras galegas os que acollen boa parte das novas procedentes destes centros hospitalarios (Costa Sánchez, 2008a).

Na fin de semana, individualízase o seu tratamento dentro de suplementos xerais, cun espazo non superior a dúas páxinas.

O incremento dos suplementos sobre saúde na prensa española débese, segundo Elías (2003), a que, a raíz do comunmente coñecido como *medicamentazo*⁶, os laboratorios cambiarían a estratexia de publicitar os seus produtos entre os médicos a promocionalos entre os cidadáns, pagando estudos sobre as bondades do fármaco en cuestión que logo son publicados en revistas médicas, financiadas por esas mesmas empresas, servindo de enganche para que o estudo chegue a ser publicado nos medios de comunicación xeralistas.

As revistas que acompañan o xornal na fin de semana (EP Semanal, Mujer de Hoy, Yo Donna, etc.) constitúen outro soporte no que a información de saúde ten unha notable presenza, case sempre en forma de reportaxes sobre alimentación e hábitos de vida saudables, ou entrevistas en profundidade a destacados investigadores ou figuras relevantes do mundo médico.

⁶ O 1 de Setembro de 1998, entra en vigor o “Decreto de Ampliación da Financiación Selectiva de Medicamentos” ou *medicamentazo*, que supón a exclusión da Seguridade Social de 834 fármacos, considerados de baixa utilidade terapéutica.

Nas revistas, o criterio da actualidade non é a pauta fundamental (teñen unha periodicidade semanal), de maneira que teñen cabida temas atemporais (non caducos), ós que se lles aplica un tratamento máis en profundidade. Tamén soe incluírse un consultorio psicolóxico e/ou médico, no que un experto responde as cuestións e dúbidas plantexadas polos lectores.

3. A televisión

A área de saúde/sanidade/medicina constitúe unha das áreas de cobertura dos informativos televisivos. Cuantitativamente, porén, a presenza de información sobre saúde, sanitaria e médica resulta mínima, maioritariamente reservada ó segundo bloque do informativo, composto por noticias de tipo *soft news*, moitas veces de cariz anecdótico ou facéndose eco do lado humano das historias que se contan.

Segundo a investigación de León (2004) acerca dos informativos en ‘prime time’ das principais cadeas públicas e privadas de distintos países europeos ao longo dunha semana de análise, a cuantificación das pezas informativas sobre saúde amosou unha presenza máis ben baixa. Na comparativa con outros países europeos a este respecto, os informativos franceses e ingleses saen mellor parados.

Táboa nº 4. Número de informacións emitidas nas distintas cadeas de tv europeas.
Fonte: León (2004: 75). Elaboración propia.

País	Número de informacións emitidas									
	Ciencia	%	Saúde	%	Sucesos	%	Deportes	%	Política	%
Francia	12	3,13	32	8,36	49	12,79	25	6,52	49	12,79
Alemaña	6	3,23	2	1,08	22	11,82	23	12,36	46	24,73
España	10	2,69	6	1,61	51	13,70	81	21,77	52	13,97
Reino Unido	4	2,61	9	5,88	27	17,64	19	12,41	35	22,87
Italia	0	0,00	5	1,98	20	7,93	15	5,95	44	17,46
Total	32	2,37	54	4,01	169	12,55	163	12,10	226	16,79

Segundo o estudo levado a cabo sobre informativos de televisión en Fernández del Moral (2007), elixindo entre sete e dez días por mes de todos os informativos de tarde e de noite de todas as cadeas xeralistas de carácter nacional entre xullo de 2005 e xuño de 2006, a información sobre Saúde, Sanidade e Medicina ocupou o espazo indicado en la taboa 5.

Táboa nº 5. Tempo adicado a Medicina e Saúde nos telexornais das canles xeralistas españolas.
Fonte: Fernández del Moral, 2007. Elaboración propia.

Canale	Segundos	Porcentaxe
TVE-2	2684	3,78%
Telecinco	8168	2,06%
TVE-1	8147	1,92%
Antena 3	7841	1,77%
Cuatro	4850	1,83%
Canal +	476	1,24%
Media	32 166	1,97%

Establecendo unha comparación con outros temas para facernos unha idea da situación de conxunto, diremos que as categorías de Deportes (cun 20,13%), Desastres e Accidentes (9,16%), Goberno (6,68%) e Terrorismo (5,59%) encabezan o ránking temático dos informativos en televisión en España.

En termos numéricos, dun listado de 45 temas, Medicina e Saúde ocupa o posto décimo cuarto. Da rama do xornalismo científico, é a temática mellor situada, quedando por baixo dela Ciencia e innovación tecnolóxica (1,48%) ou Medio Ambiente (1,45%).

Por canto ó tratamento da información, neste estudo, vemos un síntoma mi positivo: o afán divulgador. As de saúde son as noticias que máis veces foron contextualizadas (nun 81,97% das ocasións) por riba de todas as outras temáticas. Enténdese por tal que hai un esforzo por parte dos xornalistas para que sexan comprendidas polos espectadores.

Fóra dos programas informativos, a información sobre saúde na televisión, tamén a atopamos en:

- Espazos divulgativos. O decano dos espazos de divulgación en España leva por nome *Saber vivir* (TVE), formato que leva en antena máis dun decenio, concretamente dende o 8 de xaneiro de 1997. O programa estivo presentado polo veterano xornalista Manuel Torreiglesias, dende os seus inicios até maio de 2009 en que foi destituído polo ente público RTVE por irregularidades en relación coa publicidade no programa⁷. Pouco tempo despois, o programa integrouse como unha sección con periodicidade fixa dentro do magazine *La mañana de La 1*. Temas relacionados coa nutrición, as enfermidades, a saúde pública e a investigación centran a meirande parte dos contidos que, ademais, atópanse sometidos ó criterio da actualidade.
- Programas *lifestyle*.

⁷ Torreiglesias, con gran experiencia neste terreo pois xa presentara Escola de Saúde nos anos 70, foi despedido por TVE debido ao incumprimento de normas da canle pública en relación coa publicidade. (*Torreiglesias: despedido por 'irregularidades'*, en <http://www.prnoticias.es/content/view/10032309/227/>)

O relevo do programa tomouno o médico Luis Gutiérrez, médico de Atención Primaria e colaborador do programa.

- Programas de cociña, presentes en practicamente todas as grellas de tv, ben, con entidade propia, ben como parte dun programa – magazine. Son espazos nos que un *chef* aprende a cociñar diversas receitas saudables.
- Programas relacionados coa sexualidade: promoven o emprego de métodos anti-conceptivos e ensinan a desfrutar da sexualidade (Ex. *Todos abhh cien* na Sexta).
- Programas de viaxes, de beleza, sobre exercicio físico...
- Series de ficción ambientadas en hospitais ou centros de saúde. Os entornos sanitarios son recreados en numerosas series de ficción como telón de fondo das relacións que se establecen entre os personaxes.

Os formatos televisivos máis importantes relacionados coa saúde que se emiten en España son los indicados en la táboa 6.

Táboa nº 6. Programas divulgativos de saúde e series de ficción ambientadas no mundo sanitario emitidos en España.
Fonte: Elaboración propia.

Xénero	Título		
Divulgativos de saúde	Saber vivir	TVE-1	Matinal (luns a venres)
	Salut!	TV3	Tarde (sábados)
	Salud al día	Canal Sur	Mediodía (sábados)
	Hora de salud	Canal 9	Matinal (luns a venres)
	Tiempo de salud	Aragon Tv	Matinal (luns a venres)
Ficción (temática: saúde*)	Urgencias	TVE-1	Latenight (martes)
	Hospital Central	Telecinco	Prime time (mércores)
	House	Cuatro	Prime time (martes)
	Doctor Mateo	Antena 3	Pendente de estrea
	Medicopters	Canal 9	Mediodía (sábados)
		Canal.Ex	Tardes (domingos)
		ETB2	Mediodía (domingos)
	Diagnóstico asesinato	Set en Veo	Mañán (luns a venres)
	Médico de Familia	FDF	Mañán (luns a venres)
	Farmacia de guardia	Antena.nova	Madrugada
CLA: No somos ángeles	Antena.nova	Madrugada	

* O entorno médico-sanitario tamén serviu como pano de fondo doutras series de ficción que agora mesmo non están en antena, pero estiveron nas grellas de programación de recentes tempadas: MIR (Telecinco); Centro de saúde (TVG); Anatomía de Grey (Cuatro) ou El síndrome de Ulises (Antena 3).

Como vemos, as canles das compañías públicas de televisión (estatal e autonómicas) son as que realizan unha aposta máis firme polos formatos divulgativos de saúde, sobresaíndo o éxito de Saber vivir (no canal público español TVE1).

A isto hai que engadir o nutrido panorama de programas life-style que se emiten na actualidade, dos que os programas de cociña se converteron no principal expoñente, contando practicamente cada unha das canles de televisión cun ou varios programas deste tipo.

Por outra banda, obsérvase unha importante cantidade de series de ficción ambientadas no entorno sanitario, continuando a estela deixada polas célebres Médico de familia ou Farmacia de guardia, que colleitaron boas cifras de audiencia nos anos noventa e que, por certo, aínda se emiten nas canles dixitais Factoría de Ficción (Telecinco) e Antena.Nova (Antena 3) respectivamente.

A respecto das series de ficción televisivas ambientadas nun entorno sanitario, a Comisión Central de Deontoloxía da Organización Médica Colexial (OMC) elaborou recentemente un Informe sobre la imagen que los seriales médicos de televisión ofrecen sobre médicos y la profesión médica en general⁸, alertando sobre a importancia dun trato rigoroso neste tipo de formatos e recoñecendo ao mesmo tempo a súa capacidade de influencia social. Comentamos, de seguido, as principais conclusións de dito informe:

- Dunha banda, recoñécese o papel da televisión como importante fonte de información (cun grande poder de influencia) e mesmo de educación para a sociedade:
 - “Os seriais médicos teñen un profundo impacto na opinión pública e na poboación. Para millóns de persoas a televisión converteuse na súa maior, senón única, fonte de información e educación.”
- Demándase unha finalidade para os seriais médicos exclusivamente educativa: “Os seriais médicos son unha grande oportunidade para educar a poboación en temas médicos e sanitarios; éste debería ser o seu principal obxectivo. A información debe presentarse de forma correcta, rigorosa e que poida ser facilmente comprensible para unha audiencia non médica.
- Esquecen que os seriais médicos non son un xénero informativo, senón que se sitúan no ámbito da ficción. En consecuencia, reclaman unha adecuación das tramas, dos personaxes, dos tratamentos médicos que se dispensan e da ambientación, que se correspondan coa realidade.
 - Se ben toda serie de ficción ambientada nun sector tan específico require dunha documentación adecuada, estase esquecendo que os protagonistas son personaxes e non médicos da vida real:
 - “É inaceptable que os enfermos e o persoal sanitario sexan presentados como suxeitos anómalos para a diversión do espectador, aumentar a audiencia e ter máis beneficios económicos. Os seriais médicos non poden centrarse nas miserias dos médicos, enfermeiras e pacientes (envexas, enganos, celos, traizóns, egoísmo...)”.
- Non obstante, si debería terse en conta que as tramas médicas deben estar ben documentadas de acordo cos casos reais para evitar crear falsas expectativas nos pacientes:

⁸ http://www.cgcom.org/sites/default/files/08_12_01_seriestv_0.pdf [10/01/08]

- “Os seriais médicos non poden crear falsas expectativas nos pacientes. Os diagnósticos, exploracións e tratamentos deben ser adecuados á patoloxía presentada. Os seriais médicos deberían ser realistas (máis anciáns e menos nenos, adolescentes e mozos en hospitais, menos exploracións sofisticadas, menos recuperacións milagreiras, menos tratamentos experimentais...). A promoción de exploracións e tratamentos innecesarios incrementa o gasto sanitario e o despilfarro de recursos”.

4. A radio

Na programación das emisoras de radio hai unha serie de espazos reservados á información sobre saúde, sanitaria e médica, que poden adoptar o formato de:

- Programas de divulgación. Os máis célebres son *La Rebotica* (Cadena Cope), *En buenas manos* (Onda Cero) e *La Salud en la SER* (Cadena SER).
- Seccións divulgativas fixas dentro de programas magazine, caso da Consulta do Dr. Bandrés (en *Hoy por Hoy*, Cadena SER); *Inteligencia emocional* (microespazo de *La tarde con Cristina*, Cadena Cope); a Consulta do Dr. Norberto Proupín (en *O tren do serán*, Radio Galega), etc.

A pesares de que a presenza dos contidos sobre saúde na radio española é detectable, en conxunto, os espazos especializados en saúde na programación radiofónica son poucos, situándose a súa presenza en torno ao 3% do total de programación semanal.

Táboa nº 7. Programas radiofónicos divulgativos sobre saúde (Novembro de 2008). Elaboración propia.

Programa	Emisora	Día/ Hora	Conductor/a
La Rebotica	Cadena Cope	Sábados, 16.00-18.00 h	Enrique Beotas
La salud en la SER*	Cadena SER	Sábados, 16.30-17.00 h	Paloma Delgado
En buenas manos	Onda Cero	Sábados, 16.00-18.00 h	Bartolomé Beltrán
Salud y Calidad de vida	Punto Radio	Sábados, 16.00-18.00 h	Ricardo Aparicio
Esto es vida	Radio 5	Sábados, 22.00 h	Yolanda Flecha
La salud natural	Radio Voz	Luns-Sáb, 15.15-16 h Domingos, 15.00-16.00 h	Carlos Pumares
Por tu salud	Canal Sur Radio	Sábados e domingos, 7.00-8.00 h	Enrique Jesús Moreno
Radio Andalucía Salud	Radio Andalucía Información	Sábados e Domingos, 8.30-11.00 h	Enrique Jesús Moreno
Salud al día	Onda Madrid	Luns a Venres, 21.00 a 22.00 horas	Luis Gutiérrez

* O sábado 07 de Marzo de 2009, emitiuse o último programa. “La salud en la Ser se va, y esta vez de verdad”, en <http://www.prnoticias.es/content/view/10029423/227/> [02/04/09]

“El volumen de programas especializados en salud en el conjunto de la oferta radiofónica española puede calificarse de bajo, ya que no todas las emisoras los incluyen en sus parrillas y, cuando lo hacen, su presencia se sitúa entorno al 3% del total de la programación semanal, es decir, de una a dos horas de emisión por cadena” (Gutiérrez, 2006).

5. As revistas

A oferta de revistas divulgativas de saúde e *life-style* resulta verdadeiramente ampla. Basta con botarlle unha ollada ó escaparate dun kiosko para percibir a variedade de publicacións que existen relacionadas en maior ou menor medida con este ámbito, especialmente coa área de nutrición ou de psicoloxía.

As revistas vinculadas coa saúde e dirixidas á poboación en xeral poden ser de tres grandes tipos:

- 1) Revistas de divulgación científica que traten con certa asiduidade temas de medicina e saúde (táboa 8);
- 2) Revistas divulgativas que achegan noticias e temas de saúde á sociedade – un conxunto de publicacións maioritariamente de periodicidade mensual que abordan temas relacionados coa nutrición, co embarazo e coa psicoloxía (táboa 9);
- 3) Revistas *life-style*, que aportan pautas de estilo de vida favorables por canto a estética, nutrición, exercizo físico, psicoloxía, etc (táboa 10).

Táboa nº 8. Revistas impresas de divulgación científica controladas por OJD que inclúen a medicina e a saúde como temas de interese. Elaboración propia.

Son revistas de divulgación científica que, en case todos os números, abordan algún tema relacionado coa saúde ou co corpo humano.

Nome	Periodicidade	Difusión	Período Controlado	Entidade editora
Muy Interesante	Mensual	191 596	Xullo 2009 / Xuño 2010	G+J España
Quo	Mensual	102 002	Xullo 2009 / Xuño 2010	Hachette Filipachi

Táboa nº 9. Revistas impresas de divulgación de saúde editadas en España e controladas por OJD. Elaboración propia.

Nome	Periodicidade	Difusión	Período controlado	Entidade editora
Cuerpomenta	Mensual	46 312	Xullo 2009 / Xuño 2010	RBA Editores
Mente sana	Mensual	56 555	Xullo 2009 / Xuño 2010	RBA Editores
Peso Perfecto	Bimestral	89 334	Xullo 2009 / Xuño 2010	Housediet
Prevenir es salud	Mensual	22 135	Xullo 2009 / Xuño 2010	Globus Comunicación

Psicología Práctica	Mensual	13 317	Xullo 2009 / Xuño 2010	Globus Comunicación
Psychologies	Mensual	27 317	Xullo 2009 / Xuño 2010	Hachette filipachi
Saber vivir	Mensual	217 481	Xullo 2009 / Xuño 2010	RBA Editores
Vivir mejor	Mensual	19 469	Xullo 2009 / Xuño 2010	Toy Story
Embarazo sano	Mensual	9021	Xullo 2009 / Xuño 2010	Globus Comunicación

Táboa nº 10. Revistas *life-style* editadas en España e controladas por OJD. Elaboración propia.

Nome	Periodicidade	Difusión	Período controlado	Entidade editora
Gentleman	Mensual	26 473	Xullo 2009 / Xuño 2010	Progresia (Grupo Prisa)
Men's Health	Mensual	52 031	Xullo 2009 / Xuño 2010	Grupo MotorPress –Ibérica
Sport Life	Mensual	55 852	Xullo 2009 / Xuño 2010	Grupo MotorPress –Ibérica
Clara	Mensual	126 931	Xullo 2009 / Xuño 2010	RBA Editores
Mía	Semanal	123 198	Xullo 2009 / Xuño 2010	G+J España
Telva	Mensual	181 434	Xullo 2009 / Xuño 2010	Grupo Unidad Editorial
Vogue	Mensual	122 493	Xullo 2009 / Xuño 2010	Condnet Internacional
Cosmopolitan	Mensual	136 963	Xullo 2009 / Xuño 2010	G+J España
Woman	Mensual	146 196	Xullo 2009 / Xuño 2010	Grupo Zeta
Elle	Mensual	183 494	Xullo 2009 / Xuño 2010	Hachette Filipachi
Cocina ligera	Mensual	20 894	Xullo 2009 / Xuño 2010	Globus Comunicación
Cocina sana y natural	Trimestral	17 755	Xullo 2009 / Xuño 2010	RBA Editores
Cocina viva	Mensual	19 330	Xullo 2009 / Xuño 2010	MC Ediciones
Comer bien cada día	Mensual	21 644	Xullo 2009 / Xuño 2010	RBA Editores
Comer y beber	Bimestral	13 381	Xullo 2009 / Xuño 2010	MC Ediciones
Descubrir cuina	Mensual	14 652	Xullo 2009 / Xuño 2010	Sapiens Publicacions

O abano de revistas vinculadas directa ou indirectamente coa saúde –sobre todo no sector *lifestyle*- vese favorecido polo contexto actual, no que conflúen varios factores.

En primeiro lugar, o incremento da esperanza de vida da poboación, que implica unha maior preocupación por coidarse e polo tanto polas condicións de saúde e a mellora da mesma e conduce a buscar maneiras de mellorar a calidade de vida. O auxe dos centros de estética, das clínicas dietéticas, dos balnearios, etc. representa a resposta empresarial a esas novas necesidades aparecidas como resultado da suma dun contexto económico favorable, dun Estado de benestar que garante as prestacións sociais, do sistema capitalista e do alargamento da esperanza de vida da poboación.

Polas cifras que manexamos, *Saber vivir* é a revista con máis lectores das de divulgación de saúde controladas por OJD. O aval e o lanzamento por parte do espazo televisivo de igual nome contribúe a explicar o seu éxito. A nutrición xunto coa beleza e o exercizo físico son as bazas temáticas máis importantes que se abordan nas súas páxinas.

6. A Rede

Como coñecemos ó inicio deste apartado, a Rede estase a converter nunha importante fonte de información sobre saúde para os cidadáns. O termo *e-health* (*e-saúde*) acuñouse para designar todas aquelas actividades sobre medicina e saúde que se desenvolven na Rede (Blanco Coronado, 2006).

Segundo un estudo realizado en 2007 por *Google e Ogilvy Healthworld*, os profesionais médicos e a Rede serían as principais fontes de información para aqueles que empregan Internet. Concretamente, o 71% dos usuarios da Rede buscaría información sobre saúde. Por temáticas, as buscas de información serían, en orde decrecente, sobre:


- Enfermidades comúns.
- Aparato dixestivo e nutrición.
- Beleza e estética.
- Planificación familiar.
- Saúde mental.
- Enfermidades graves/crónicas.
- Dermatoloxía.
- Infeccións.
- Outros.

En datos do Instituto Nacional de Estatística⁹ (2008), habería un 43,7% de enquisados que afirmaron buscar información sobre saúde na Rede. Comparativamente con anos anteriores, por exemplo, respecto a 2003¹⁰, a cifra incrementouse nun 24,13%.

⁹ <http://www.ine.es/>

¹⁰ Non existen datos anteriores a este respecto.

Gráfica nº 3. Evolución no uso de Internet para buscar información sobre saúde (2003-2008).
Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares 2003-2008.
Elaboración propia.



No caso dos profesionais da saúde, un estudo recente conclúe que un 30% dos médicos son usuarios intensivos de Internet, é dicir, empregan a Rede para: informarse, documentarse e contactar cos seus pacientes e con outros profesionais¹¹.

Non obstante, a calidade da información que circula pola Rede xera un debate sobre a veracidade e o índice de confianza desta información nun ámbito tan transcendente como o da saúde.

Nunha revisión sistemática dos traballos centrados na información sobre a saúde dispoñible na Rede (Eysenbach et al., 2002), concluíase que o grao de imprecisión variaba en función do tipo de contido; así, os sitios máis precisos parecen ser os adicados ao cancro, mentres que os máis confusos eran aqueles que trataban de dietas e de nutrición. Corroborábase asimesmo que o 90% destes sitios web ofrecían unha información incompleta.

Non obstante, Meneu (2004) considera esaxerado o nivel de esixencia que se lles fai aos contidos de *e-saúde*, cando outras canles informativas tradicionais non amosaron estar á altura de tan alto nivel de calidade:

Resulta sorprendente el nivel de exigencia que se propugna para las nuevas tecnologías de la información si se pone en relación con los estudios disponibles y las medidas vigentes respecto a otros canales informativos y con una dilatada trayectoria. (Meneu, 2004: 128-129)

No informe *Luces y sombras de la información de salud en Internet* (2002), elaborado pola Sociedade Española de Informática da Saúde¹², os autores en vez de mostrarse

¹¹ http://www.diariomedico.com/edicion/diario_medico/gestion/es/desarrollo/1199155.html [10/02/09]

¹² Sociedade non lucrativa que agrupa os profesionais interesados no emprego das Tecnoloxías da Información no entorno sanitario.

partidarios dun sistema de acreditación das páxinas web con información sobre saúde que presenten unha serie de requisitos de calidade, recomendan que os usuarios sexan críticos coa Rede coma con calquera outro medio de información, polo que deberían ter en conta os seguintes aspectos:

- **Onde está publicada a información.** Se se trata dunha revista científica nacional ou internacional, unha páxina dunha sociedade profesional, dunha institución, unha páxina comercial ou unha páxina persoal. As web de revistas científicas de prestixio, as institucionais, as de sociedades profesionais e as de asociacións de pacientes, son, en principio, máis seguras que as doutro tipo.
- **Autoría.** Os responsables da información e as súas credenciais deben estar debidamente identificadas.
- **Orixe das fontes de información.** As citas deben identificar claramente a orixe da información.
Debe terse en conta que cando a información médica é sorprendente, é probable que non sexa segura nin precisa.
- **Conflito de intereses.** Tanto a orixe das fontes de financiamento, como a propiedade, deben estar identificados. Tamén debe diferenciarse claramente a publicidade do contido sobre saúde.
- **Vixencia da información.** Debe constar a data de elaboración da información e as actualizacións ou revisións que se levaron a cabo.
- **Transparencia e honradez.** Comprobar se os obxectivos, propósitos e destinatarios da información están explícitos.
- **Política de seguridade e confidencialidade.** O sitio web debe facer explícita cal é a súa política de seguridade e de confidencialidade.
- **Accesibilidade.** Se a páxina está deseñada para navegar sen confusións.

Non obstante, existen diversos sistemas de acreditación de páxinas web con contidos sanitarios. A Organización Médica Colexial, pola súa banda, puxo en marcha en 2006 a acreditación ACSI, que contou co apoio do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, un sistema de acreditación de páxinas web de ámbito sanitario, que pretende ofrecer as garantías de calidade e de seguridade naquelas páxinas que solicitasen e obtivesen a acreditación correspondente.

Outra iniciativa que pode resultar de interese é a *salupedia*¹³, enciclopedia de saúde en Internet, que ten como obxectivo converterse en fonte de información fiable para os pacientes e os profesionais sanitarios, de maneira que estes últimos deriven os usuarios aos contidos desta enciclopedia *online* sobre os que queiran ou precisen informarse.

Pero as posibilidades de Internet non se limitan ao seu emprego como soporte de informacións sobre saúde (en forma de blogs, de revistas, de páxinas web, etc.), senón que tamén pode servir como canle para poñer en contacto os pacientes coas institucións ou cos profesionais sanitarios.

¹³ <http://www.salupedia.org/quees.php> [07/03/11]

6. Conclusións

A revisión do panorama de contidos que a nivel España publican os diferentes medios de comunicación en relación coa saúde permítenos extraer as seguintes conclusións:

1. O soporte das revistas é aquel que maior variedade e cantidade ofrece de contidos en relación coa saúde, sobre todo, pola amplitude das cuestións de estilo de vida que dun ou doutro xeito se engloban na área temática de saúde: unha alimentación saudable (a cociña), o exercizo físico e o deporte, a psicoloxía, o coidado da familia, etc.

Dentro deste grupo de publicacións, *Saber vivir* con 217.481 lectores figura como a revista especializada en saúde máis lida en España, seguida polas publicacións especializadas en divulgación científica como *Muy interesante* ou *Quo*, que non se restrinxen exclusivamente a temas de saúde e sanidade.

2. Destaca a importante presenza de series de televisión que se ambientan en hospitais ou centros de saúde. Tanto é así que a respecto deste tipo de series de ficción, a Organización Médica Colexial, como xa se dixo, fixo unha serie de recomendacións para que se tratasen as enfermidades da maneira máis fidedigna posíbel, con obxecto de non crear falsas expectativas nos cidadáns.

Esta conclusión permítenos aseverar que a audiencia gusta deste tipo de espazos de ficción, nos cales asistimos a dous tipos de tramas: tramas episódicas, nas que se tratan os casos médicos e que carecen de continuidade; e tramas horizontais, que continúan ao longo da tempada e que tratan as relacións persoais entre os personaxes da serie, que pertencen ao ámbito profesional médico-sanitario.

3. A televisión tamén constitúe un soporte no cal os espazos *life-style* están a conseguir un notable desenvolvemento. Así, case todas as cadenas de televisión española contan cun espazo de cociña, no cal un chef destacado do panorama nacional ensina a cociñar pratos típicos, divulgando a necesidade dunha alimentación máis elaborada.

4. Por canto á presenza de noticias sobre saúde nos informativos televisivos españois, estes seguen a ser uns contidos secundarios, ubicados no segundo bloque de contidos do informativo, que se reserva habitualmente para as chamadas *soft news* e que engloban: a cultura, o espectáculo, a ciencia, o deporte, etc.

5. A prensa diaria estase a decatar da importancia da saúde como área informativa, o que ten dúas consecuencias fundamentais:

Dunha banda, cada vez son máis o número de noticias que pertencen a dita área informativa, tal e como rexistra anualmente o *Informe Quiral*; doutra banda, estanse a xenerar unha serie de seccións especializadas para ditos contidos, de modo que non se adscriban como pasaba até o de agora á sección de Sociedade, senón que teñan un espazo propio. Esta tendencia dáse sobre todo na prensa estatal, na prensa autonómica – caso de Galicia- continúa a predominar a sección de Sociedade.

Non obstante, isto requerirá a medio-longo prazo, a existencia de xornalistas especializados en saúde para que nutran eses suplementos ou áreas informativas

especializadas, polo que cabe apuntar un indicio positivo cara á especialización do xornalismo no ámbito da saúde.

6. Ante a ausencia de emisoras de radio especializadas en saúde en España, son os programas *magazine* os que acollen seccións específicas relacionadas coa saúde. Neste senso, destacan os consultorios médicos e psicolóxicos, nos cales un especialista médico responde ás cuestións que lle son plantexadas polos ouvintes. Si existen certos espazos adicados á saúde que xa teñen unha longa traxectoria na radio española. Este é o caso do programa de Onda Cero *En buenas manos* ou do programa da Cadena Cope, *La rebotica*. Ambos son programados nas tardes dos sábados. Tamén era o caso do programa da cadena SER *La salud en la SER*, que non obstante foi retirado da grella de programación a finais de 2009. Tal e como se recolleu en estudos previos (Gutiérrez, 2006) a presenza de contidos sobre saúde na radio española é máis ben escasa.
7. Internet constitúe a fonte de información sobre saúde que máis impacto está acadando dende inicios do novo século até a actualidade. Isto plantexa o problema da calidade da información sobre saúde que está a dispor dos cidadáns na Rede. É por iso que se teñen posto en marcha en España diversas iniciativas que permitan garantir a fiabilidade da información sobre saúde na Rede. Son os sistemas de acreditación de páxinas web, que lle garantirían ao usuario a fiabilidade de dita información. Non obstante, cabe pedirlle tamén aos internautas certa actitude crítica cos contidos que sobre saúde atopen na Rede, uns requisitos mínimos que lles outorgarían a confianza necesaria.

A tendencia de futuro apunta a que a televisión como medio consolidado con maior penetración en España e a Rede como medio en expansión se convertan nos dous medios de comunicación máis consultados a respecto da información sobre saúde en España.

A aposta que dende as empresas periodísticas se realice pola información e polo xornalismo especializado en saúde determinará o peso que os contidos desta índole cheguen a alcanzar, así como o grao de calidade.

Neste senso, o camiño desexable para un xornalismo de calidade pasa por incorporar ás redaccións a xornalistas especializados que saiban distinguir o que é noticiable e o que non; que saiban tratar coas fontes expertas e co código específico da ciencia médica; que busquen e propoñan temas de interese social e que sirvan de intermediarios e dean voz non só aos profesionais sanitarios, senón tamén aos pacientes e usuarios do sistema de saúde.

References

- Blanco Coronado, J. (2006): "Internet y salud", en De Quiroga, S. (coord.): *Comunicar es salud*, Madrid, Prentice Hall, páxs. 141-161.
- Costa Sánchez, C. (2008a): "The hospital in daily press. The image of Galician hospital sector in the autonomous daily press", comunicación presentada en 2nd European Communication Conference, ECREA,

- Barcelona. Disponible en: http://www.ecrea2008barcelona.org/guide/abstract.asp?id_callfor=1014&cid_seccion=10&cid_subseccio=90
- Costa Sánchez, C. (2008b): “Medicina y salud en la prensa. Las noticias de salud en los principales diarios de Galicia”, en *Revista Latina de Comunicación Social*, 63, Tenerife, Universidad de La Laguna. Disponible en: http://www.ull.es/publicaciones/latina/_2008/03/Costa_Sanchez.html “
- Elías, C. (2003): “Los suplementos especializados como guetos de noticias en la prensa generalista: el caso de los científicos y sanitarios”, *Ámbitos*, nº especial 9-10, páxs. 171-186.
- Esteve Ramírez, F. e Fernández del Moral, J. (1999): *Áreas de especialización periodística*, Madrid, Ed. Fragua.
- Eysenbach, G.; Powell, J.; Kuss, O.; Sa, E. (2002): “Empirical studies assessing the quality of health information for consumers on the World Wide. A systematic review” en *Journal of American Association*, 287, páxs. 2691-2700. Disponible en: <http://jama.ama-assn.org/cgi/content/full/280/3/294> [15/03/08]
- Fundació Vila Casas: *Informes Quiral 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2008 e 20097*. Disponibles en <http://www.fundaciovilacasas.com> [10/04/2011]
- Gutiérrez, M. (2006): “Radio, salud y mujer: el caso español”, en Documentos del Observatorio de Comunicación y Salud, INCOM, UAB. Disponible en: http://www.portalcomunicacio.com/ocs/esp/mon_det2.asp?id_document_seccio=31&cid_document=5 [10/09/08]
- León, B. (2004): “Ciencia y tecnología en las televisiones europeas. Un estudio de los informativos de *prime time*”, en *Quark*, 34, páxs. 74-80.
- Meneu de Guillerna, R. (2004): “Fuentes de información para usuarios y pacientes”, en *Humanitas, Humanidades Médicas*, 3, páxs. 127-137.

